

# PLAN PARA A MELLORA DA CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA MUNICIPAL

2º semestre 2017

Medidas a adoptar para optimizar os procedementos de licitación pública do Concello de Ames.



CONCELLO DE AMES

Alcaldía

## ÍNDICE.

- 1 INTRODUCCIÓN
- 2 SEGUIMIENTO DA EXECUCIÓN REXISTRADA NO PERÍODO ANTERIOR (primeiro semestre do exercicio 2017).
  - 2.1.- Aspectos principais.
  - 2.2.- Aspectos complementarios.
- 3 RESUMO DAS LICITACIÓNS E ADXUDICACIÓNS DO PRIMEIRO SEMESTRE 2017.
- 4 PROGRAMACIÓN PARA O SEGUNDO SEMESTRE 2017.
- 5 DIFUSIÓN DO PLAN.

### 1.- INTRODUCCIÓN

No mes de febreiro de 2013 foi difundido a través da páxina web municipal o “PLAN PARA A MELLORA DA CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA MUNICIPAL”, dando cumprimento así ao disposto no Plan de Axuste 2012-2022, aprobado polo Pleno do Concello de Ames en sesión do 29 de marzo de 2012.

No referido Plan de Axuste, concretamente na medida número 10, recollíase non só a previsión de que o departamento de Contratación pasara a depender da Secretaría Xeral, senón a necesidade de que dito departamento tivera un impulso inmediato, decidido e definitivo, dado o seu carácter esencial para o funcionamento da Administración Municipal.

Recollíase expresamente a previsión de elaboración dun Plan de Actuación, o denominado Plan para a mellora da contratación administrativa municipal, que sería obxecto de difusión a través da web municipal. Nese Plan, abordaríanse as licitacións pendentes e o calendario estimado para a súa licitación.

A partir dese momento son nove as programacións elaboradas e difundidas a través da web municipal (1º semestre 2013, 2º semestre 2013, 1º semestre 2014, 2º semestre 2014, 1º semestre 2015, 2º semestre 2015, 1º semestre 2016, 2º semestre 2016 e 1º semestre 2017).

Nas programacións recóllense non soamente as previsións senón tamén as licitacións realizadas no semestre anterior, co fin de acadar unha visión de conxunto do funcionamento do departamento.

Procede agora elaborar e difundir a programación do segundo semestre do 2017.

### 2.-SEGUIMIENTO DA EXECUCIÓN REXISTRADA NO PERÍODO ANTERIOR (PRIMEIRO SEMESTRE DO EXERCICIO 2017).

#### 2.1.- Aspectos principais.

OBXECTIVO	GRAO DE CUMPRIMENTO
<b>Obxectivo global</b>	<p>O Plan para a mellora da contratación administrativa municipal ten como obxectivo que todas as obras, servizos, subministros e demais contratacións que precise o Concello de Ames sexan realizadas conforme ao establecido na normativa reguladora de contratos do sector público, particularmente o TRLCSP.</p> <p>O departamento de Contratación procedeu a regularizar unha parte moi importante dos obxectivos previstos inicialmente, mais o feito de ter que abordar tamén licitacións comprendidas en programas doutras administracións, a falta de medios persoais no departamento, as dificultades de obtención de crédito orzamentario de determinados expedientes mentres estaba vixente o orzamento prorrogado do 2012, así como o feito</p>

	<p>de ter acometido no 1º semestre de 2017 licitacións de grande envergadura como son o servizo de monitoraxe dos comedores escolares, o servizo de axuda a domicilio, e o servizo integral de limpeza das instalacións municipais e centros educativos, fai que non se poidan acadar a totalidade dos obxectivos previstos no semestre anterior.</p> <p>Ao exposto anteriormente hai que engadir que nas últimas licitacións a regra xeral é o procedemento aberto, o que motiva que se presenten un elevado número de licitadores ralentizando así o procedemento de valoración de ofertas e como consecuencia a tramitación do propio expediente. Debe engadirse que, probablemente debido a situación económica actual, moitas das ofertas presentadas incorren en baixa temeraria, cuxa viabilidade debe ser valorada polos servizos técnicos e de contratación, o que trae consigo o aumento dos prazos de tramitación dos expedientes.</p> <p>Sinalar tamén que en decembro de 2015 a Deputación da Coruña aprobou uns novos pregos tipo de licitación, que deben aplicarse obrigatoriamente ás licitacións dos seus plans de obras, coa conseguinte repercusión nos expedientes municipais que tiveron que adaptarse a estes novos pregos.</p> <p>Tamén hai que ter en conta que debido a imposibilidade da transposición completa das directivas europeas en materia de contratación pública que deberían recollerse no noso ordenamento xurídico español con data límite o 18 de abril de 2016, nos atopamos co denominado “ efecto directo “ de distintos aspectos das directivas. Un dos aspectos que nos afecta é a esixencia da publicación en determinados contratos no Diario Oficial da Unión Europea (DOUE) co correspondente aumento dos prazos de presentación de solicitudes o que ralentiza a tramitación dos procedementos de contratación.</p>
<p><b>Dotación de medios para o correcto desenvolvemento do plan.</b></p>	<p><u>Medios materiais.</u> As previsións contidas en relación a este apartado cumpríronse estando o departamento de Contratación, na súa totalidade, dende hai meses na Casa Consistorial, integrado dende o 1 de febreiro de 2014 na Secretaría Municipal.</p>
	<p><u>Medios persoais.</u> Xa está aprobada e recollida na RPT a modificación puntual que reflicte o cambio funcional do departamento de Contratación baixo a dependencia do departamento de Secretaría axustándose á realidade municipal.</p> <p>Tamén está aprobada dentro da RPT a creación dun novo posto de técnico de secretaría para o departamento que está en proceso de selección, pois este departamento non contaba con ningún técnico/a (ao marxe da propia secretaría), senón unicamente cun administrativo (xefe do servizo de contratación Plans e subvencións) e 3 auxiliares administrativos, sendo insuficiente para o volume de expedientes que se tramitan.</p>

## 2.2.- Aspectos complementarios.

<p><b>Acceso á plataforma de contratación do Estado</b></p>	<p>Reitéranse os mesmos argumentos que no semestre anterior en relación a esta plataforma. Debe destacarse que mediante acordo plenario do 26/12/2014 este Concello adheriuse á central de contratación da Deputación Provincial da Coruña se ben a mesma aínda non foi utilizada, por non adaptarse ás necesidades actuais do Concello.</p>
<p><b>Perfil do contratante</b></p>	<p>O concello dispón dun perfil propio con selado de tempo dende xullo de 2014, utilizado en tódalas licitacións.</p>

<b>Máxima concorrencia nos procedementos negociados</b>	<p>A regra xeral nas licitacións do Concello é a de acudir a procedementos abertos, acudindo aos procedementos negociados con carácter excepcional; en todo caso, os procedementos negociados con publicidade seguen a tramitación dos procedementos abertos, e nos negociados sen publicidade invitase a un mínimo de 5 empresas, a pesar de que a esixencia legal é de 3, salvo que circunstancias debidamente xustificadas o impidan.</p> <p>Esta regra de máxima concorrencia permite acadar importantes baixas de licitación coa conseguinte repercusión económica para o Concello, que fai que ese aforro se destine a plans complementarios ou a redución da achega municipal, segundo o caso.</p>
<b>Contratos marco</b>	A decisión ao respecto do emprego deste tipo de procedementos ( que non son moi frecuentes na administración local), debe postergarse, ata que quede totalmente regularizada a contratación administrativa ordinaria do concello.
<b>Contratos menores</b>	<p>Redactáronse modelos tipo para o contrato menor de obras, servizos e subministros, así como os correspondentes aos contratos privados coa fin de dar uniformidade a estes contratos.</p> <p>A través das bases de execución determinarase os importes a partir dos cales será esixible a sinatura, como requisito para a realización da correspondente prestación.</p> <p>A regra xeral neste momento é que os contratos menores se formalicen por escrito. No segundo semestre do 2016 o número de contratos menores formalizados foi de 55.</p> <p>Co fin de acadar a máxima transparencia estes contratos son publicados no Portal de Transparencia da Web Municipal e actualízanse semanalmente.</p>
<b>Convenios colaboración</b>	Comezamos a recoller na programación de xeito separado os convenios de colaboración asinados, que durante este segundo semestre ascenderon a un total de 9, que se actualizan semanalmente e están publicados no Portal de Transparencia da Web Municipal.
<b>Outros aspectos.</b> <b>Rexistro público de contratos</b>	<p>Desde o mes de xullo de 2013 estanse a empregar os procedementos electrónicos da plataforma SIGEM. Durante este último semestre puxéronse en marcha dúas importantes iniciativas neste ámbito. Por un lado instaurouse o módulo de decretos da Administración electrónica e o conseguinte portal de portafirmas, dando de alta aos traballadores e traballadoras do Concello nos conseguintes certificados electrónicos. Por outra banda, instaurouse o SIR, servizo electrónico de rexistro, que permite ao Concello interoperar con todas as Administracións de xeito electrónico.</p> <p>Dentro das dispoñibilidades municipais, a redacción de proxectos e direccións de obra son asumidas por persoal municipal.</p> <p>Nas últimas licitacións estase a nomear formalmente, polo órgano de contratación, un responsable do contrato dentro do persoal municipal.</p> <p>Dende outubro de 2016 estase utilizando o Rexistro de Contratos do Sector Público dando cumprimento as esixencias do artigo 333 do TRLCSP.</p>

### 3.- RESUMO DAS LICITACIÓNS E ADXUDICACIÓNS DO PRIMEIRO SEMESTRE 2017.

<b>CONTRATOS DE SERVICIOS</b>	
<b>CONTRATO</b>	<b>ESTADO</b>
Escola de Verán	Aprobada 1ª prorroga en Xunta de Goberno Local 26 de xaneiro de 2017
Modificación contrato do Servizo dos Programas Lúdicos	Aprobada en Xunta de Goberno Local do 9 de febreiro de 2017
Programa de Seguros do Concello de Ames (Lote nº 1, Responsabilidade Civil e Lote nº 2, Danos Materiais)	Aprobada 1ª prorroga en Xunta de Goberno Local do 9 de marzo de 2017
Programa de Seguros do Concello de Ames (Lote nº 4,	Aprobada 1ª prorroga en Xunta de

Responsabilidade Civil derivada de vehículos de motor)	Goberno Local de 23 de marzo de 2017
Servizo de lacería, canceira, recollida e incineración de cadáveres animais abandonados/ perdidos	(1ª licitación) Declarado deserto en Xunta Goberno Local do 22 de decembro de 2016.
	(2ª licitación) Aprobación expediente en Xunta de Goberno Local 27 de abril de 2017. En fase de clasificación de ofertas.
Servizo de Psicomotricidade Educativa e Preventiva	Aprobación expediente en Xunta de Goberno Local do 23 de marzo de 2017. En fase de clasificación de ofertas.
Servizo para a xestión e impartición de actividades formativas na Aula Cemit de referencia do Concello de Ames.	(1ª licitación) Declaración deserto en Xunta de Goberno Local 30 de marzo de 2017
	(2ª licitación) Aprobación expediente en Xunta de Goberno Local 27 de abril de 2017. En fase de valoración de ofertas.
Servizos de conciliación Bos Días Cole e Tardes Divertidas	Aprobación expediente en Xunta de Goberno Local de 30 de marzo de 2017. En fase de valoración de ofertas.
Servizo de Monitoraxe na Rede de Comedores Escolares	Aprobación expediente en Xunta de Goberno Local de 12 de abril de 2017. En fase de valoración de ofertas.
Servizo Integral de Limpeza en Instalacións Municipais e de uso Municipal. Lote nº 1 e Lote nº 3	Adxudicado Xunta Goberno Local 08 de xuño de 2017.
Servizo dos Programas Lúdicos	Aprobada 1ª prorroga en Xunta do Goberno Local do 22 de xuño de 2017
Servizo de Axuda no Fogar	Adxudicación en Xunta Goberno Local 29 de xuño de 2017
Servizo Integral de Limpeza en Instalacións Municipais e de uso Municipal. Lote nº 2	Adxudicado Xunta Goberno Local 29 de xuño de 2017.

### **CONTRATOS DE XESTIÓN DE SERVIZOS PÚBLICOS**

Licitación ciclo integral da auga (CIA)	Adxudicado contrato o 29 de decembro de 2016. Resolución de recursos de reposición en sesión plenaria de 29 de maio de 2017. Inicio prestación do servizo polo novo adxudicatario o 16 de xuño de 2017.
---	---

**CONTRATOS DE OBRAS****POS 2015**

<b>OBRA</b>	<b>ESTADO</b>
Reposición da sinalización horizontal nos núcleos de Bertamiráns e Milladoiro	En fase de execución
Reparación das instalacións do club de piragüismo Ribeiras do Tambre	Obra recepciónada e xustificada

**PAS 2015**

<b>OBRA</b>	<b>ESTADO</b>
Saneamento no núcleo de Portanxil	Asinado contrato 18/05/2017. En fase de execución
Parques biosaludables en Milladoiro e Bertamiráns	Asinado contrato 05/05/2017. Acta recepción do 27/06/2017
Saneamento en Ventosa	Pendente de permiso sectorial
Reparación de solados, accesibilidade e peches do complexo de piscinas públicas municipais en Milladoiro e outras	Asinado contrato 05/04/2017. Pendente asinar acta recepción
Accesibilidade universal en edificios públicos 1ª fase	Asinado contrato 05/04/2017. En fase de execución
Reparación mellora casa cultura Bertamiráns	Asinado contrato 23/03/2017. En fase de execución

**PAI 2015**

<b>OBRA</b>	<b>ESTADO</b>
Reparación interiores en Reino (Trasmonte) e outros	Obra recepciónada e xustificada
Reparación interiores en Castelo (Ames)	Obra recepciónada e xustificada
Reparación interiores en Pegariños e outro	Pendente asinar acta recepción
Melloras na EDAR do Polígono de Milladoiro. Ames	En fase de execución.

**DTC ADICIONAL 1/2014**

<b>OBRA</b>	<b>ESTADO</b>
Reparación camiño Capeáns a camiño de Covas e outro	Asinada acta de recepción o 11/05/2017
Reparación camiño Agro do Muiño (Ortoño) e outros	Pendente asinar acta recepción
Reparación interiores Insua e outros	Obra recepciónada e xustificada

**POS ADICIONAL 1/2015**

<b>OBRA</b>	<b>ESTADO</b>
Saneamento en Lamas Costoia (Biduido)	En fase de execución

**PAS CONVENIOS**

<b>OBRA</b>	<b>ESTADO</b>
Obras de conexión ó polígono industrial dende a Avenida do Muíño Vello á estrada de Ventín (Milladoiro)	Obra recepciónada e xustificada

Contrución Parque Travesía do Porto	Pendente asinar acta de recepción
-------------------------------------	-----------------------------------

PAI 2016	
OBRA	ESTADO
Reparación e acondicionamento cemiterio municipal	Acta de recepción do 10/07/2017

POS 2016	
OBRA	ESTADO
Gradas cubertas no campo de fútbol Milladoiro	Acta de recepción do 28/04/2017
Saneamento Castrigo	Pendente autorización Augas de Galicia
Pavimentación aldea de mamoa e interiores (Tapia e Barreiro)	Pendente asinar acta de recepción
Camiño de Cruxeiras e entorno da Igrexa de Ames e rúa Lodeiro	Pendente asinar acta de recepción

RESUMO DAS ADXUDICACIÓNS POLO SISTEMA DE CONTRATO MENOR (art. 138.3 TRLCSP)	
EMPRESA ADXUDICATARIA	OBXECTO DO CONTRATO
Animación y Eventos, s.l.	Contrato de decoración e espectáculos de animación para o desenvolvemento das actividades programadas para a Cabalgata de Reis o día 5 de xaneiro
Kachet Loxística , s.a.	Contrato de instalación de iluminación e son para o desenvolvemento das actividades programadas para a Cabalgata de Reis o día 5 de xaneiro
Contraproducións, s.l.	Contrato privado de representación artística para o espectáculo "O tolleito de Inishmaan" ,no Milladoiro
Banco Santander, s.a.	Contrato privado para o servizo de tesouraría e recadación das taxas polos servizos públicos de abastecemento de auga potable, saneamento, depuración de augas residuais e recollida, traslado, tratamento e eliminación de residuos sólidos urbanos do Concello de Ames.
Compañía Avoa Youja	Contrato privado de representación artística para o espectáculo "O aloumiño dunha estrela", en Bertamiráns, o 3/2/2017 ás 18h.(AGADIC)
Compañía Avoa Youja	Contrato privado de representación artística para o espectáculo "O aloumiño dunha estrela", en Bertamiráns, o 3/2/2017 ás 17h.
Xavier Rial Vieites	Addenda nº 1 Modificación do Contrato de arrendamento para uso distinto de vivenda–oficinas (ampliación praza de garaxe)
Galitooon CSA 2005, s.l.	Contrato privado de representación artística do espectáculo "Güela-Güela", no Milladoiro, o 17/2/2017 ás 12:30h.(AGADIC)
Galitooon CSA 2005, s.l.	Contrato privado de representación artística do espectáculo "Güela-Güela", no Milladoiro, o 17/2/2017 ás 18:00h.(AGADIC)

Voadora	Contrato privado de representación artística do espectáculo “Soño dunha noite de verán”, en Bertamiráns, o 17/2/2017 ás 21:00h.(AGADIC)
Sonaxe Sociedade Cooperativa Galega	Contrato privado de representación artística para a actuación de “A Banda de Balbina”, en Bertamiráns, o 27/2/2017.
El Festíbulo	Contrato privado de representación artística para a actuación de “Festicultores Troupe”, en Bertamiráns, o 27/2/2017.
Paco Nogueiras	Contrato privado de representación artística do espectáculo “Brinca Vai! 2.0”, en Bertamiráns, o 17/3/2017 ás 12:30h.(AGADIC)
Paco Nogueiras	Contrato privado de representación artística do espectáculo “Brinca Vai! 2.0”, en Bertamiráns, o 17/3/2017 ás 18:00h.(AGADIC)
Cía. Ibuprofeno Teatro	Contrato privado de representación artística do espectáculo “Raclette”, no Milladoiro, o 10/03/2017 ás 21:00h.(AGADIC)
Cía. Talía Teatro	Contrato privado de representación artística do espectáculo “Sopa de Sapo”, no Milladoiro, o 24/03/2017 ás 18:00h.(AGADIC)
Insacal, s.l.	Contrato de mantemento preventivo e reparación de equipos da instalación de calefacción no CEP Ventín (Biduído, Ames)
Baobab Teatro s.l.	Contrato privado de representación artística do espectáculo “Baila, Roque, baila”, no Milladoiro, o 31/3/2017 ás 18:00h.(AGADIC)
Idom Consulting, Engineering, Architecture, S.A.U.	Contrato menor de Servizo de Asistencia Técnica para revisión de sustentabilidade e congruencia dos plans económico-financeiros en dúas empresas licitantes no concurso de Xestión do Ciclo Integral da Agua do Concello de Ames
Asociación Cultural Antonio Santomil	Contrato privado de representación artística para o desenvolvemento de 8 actuacións de música coral no ano 2017
Asociación Cultural Follas Novas	Contrato privado de representación artística para o desenvolvemento de 7 actuacións de música tradicional no ano 2017
Asociación Cultural e Xuvenil Val da Maía	Contrato privado de representación artística para o desenvolvemento de 8 actuacións do grupo de pandeireteiras As Maianas no 2017
Recursos Galicia, S.L	Contrato menor de servizo para o desenvolvemento da acción formativa de “Auxiliar de sección de produtos frescos (Pescadería)” dentro do programa de emprego denominado InserAmes-Brión IX
Recursos Galicia, S.L	Contrato menor de servizo para o desenvolvemento da acción formativa de “Limpeza de superficies e mobiliario en edificios e locais” dentro do programa de emprego denominado InserAmes-Brión IX



Redrum Producciones, S.L.	Contrato privado de representación artística do espectáculo “A nena que quería navegar”, en Bertamiráns, o 21/4/2017 ás 12:30h.(AGADIC)
Redrum Producciones, S.L.	Contrato privado de representación artística do espectáculo “A nena que quería navegar”, en Bertamiráns, o 21/4/2017 ás 18:00h.(AGADIC)
Quelqum Servicios para empresas s.l.	Contrato menor de servizo para o desenvolvemento da acción formativa de “Primeros auxilios en Educación Infantil” dentro do programa de emprego denominado InserAmes-Brión IX
Quelqum Servicios para empresas s.l.	Contrato menor de servizo para o desenvolvemento da acción formativa de “Monitor de transporte e comedor escolar” dentro do programa de emprego denominado InserAmes-Brión IX
Asociación Cultural Os Retranqueiros	Contrato privado de representación artística para o desenvolvemento de 5 actuacións de música tradicional no ano 2017
Asociación Cultural Os Castros	Contrato privado de representación artística para o desenvolvemento de 15 actuacións de música tradicional no ano 2017
Evelb Técnicas y Sistemas	Diseño, creación e desenvolvemento aplicación TIC de infraestruturas e servizos turísticos
Osventos, Innovación en Servicios SL.	Desenvolvemento de actividades de formación da Aula CeMIT de referencia
Grupo A Gramola Gominola	Contrato privado de representación artística para o espectáculo musical “A Gramola Gominola”, no Milladoiro, o 5/5/2017, ás 18h.(AGADIC)
Emedous Produccións Distribución s.l.	e Contrato privado de representación artística do espectáculo “Get Back”, en Bertamiráns, o 28/4/2017 ás 21h.(AGADIC)
Emedous Produccións Distribución s.l.	e Contrato privado de representación artística do espectáculo “Get Back”, en Bertamiráns, o 28/4/2017, ás 12:30h.(AGADIC)
Urdime, Sociedade Cooperativa Galega	Contrato privado de representación artística da obra “Picadiscos Mari Faltri”, en Bertamiráns, o 22/4/2017 (Rede Cultural da Deputación )
Culturactiva, Sociedade Cooperativa Galega	Contrato privado de representación artística da obra “Retrincos”, en Bertamiráns, o 12/5/2017.
Forprevención S.C:	Contrato menor de servizo para o desenvolvemento da acción formativa de “Manexo de plataforma elevadora” dentro do programa de emprego denominado InserAmes-Brión IX
Balidea Consulting & Programing, SL	Contrato menor de servizos para o mantemento da aplicación informática de publicación de información orzamentaria do Concello de Ames
Balidea Consulting & Programing, SL	Contrato menor de subministro para a implantación dunha aplicación informática para a publicación de información orzamentaria do Concello de Ames
Grupo ARTE´N´RÚA	Contrato privado de representación artística do

	espectáculo "Arte´N´Rúa", en Bertamiráns, o 17/6/2017, ás 17h (Cultura no Camiño )
Gas Natural Fenosa	Subministro bombeo aldea de Costoia
Seispés Producións Creativas, S.L.	Contrato privado para o desenvolvemento do espectáculo musical "Tanxugueiras Trío", en Pontemaceira, o 16/6/2017, programa Noites en Vela
Lucila Suárez Souto (King's School of English )	Contrato menor de servizo para o desenvolvemento da acción formativa de "Inglés medio.Atención ao público" dentro do programa de emprego denominado InserAmes-Brión IX
Pekexogo animacion e ocio S.L	Contrato menor para a prestación do servizo do campamento de verán "Galipark Multiaventura" do Concello de Ames
Culturactiva, Sociedade Cooperativa Galega	Contrato privado de representación artística para o desenvolvemento do espectáculo musical "O mundo está parado", de "Guadi galego ", en Bertamiráns, o 14/7/2017
Treixadura Gaiteiros	Contrato privado de representación artística para o desenvolvemento do espectáculo musical "Treixadura, 25 anos.Vendima tarda", de "Traixadura Gaiteiros ", no Milladoiro, o 7/7/2017
Jesús Vilouta Marcos	Contrato menor de servizos para o desenvolvemento de actuacións de tratamentos preventivos a través de medios mecanizados en vías e camiños de titularidade municipal do Concello de Ames
Vida Láctea S.L.U	Contrato menor para a prestación do servizo do campamento de verán en "San Xoán de Río" do Concello de Ames
Vida Láctea S.L.U	Contrato menor para a prestación do servizo do campamento xuvenil de verán "Mar de Cangas" do Concello de Ames
Turismo Gallego Medioambiental, S.L.	Contrato menor para a prestación do servizo do campamento de verán "Granxa escola Fervenzas do Toxa" do Concello de Ames
Granxa Escola de Barreiros S.L.	Contrato menor para a prestación do servizo dos campamentos infantís de verán "Granxa escola Barreiros I e II" do Concello de Ames
Galicia Eventos y Ocio, S.L.	Contrato menor para a prestación do servizo do campamento xuvenil de verán "Acampada Mar do Grove " do Concello de Ames
Villasenin SA, - Ruta Jacobea	Servizo de Catering de Escola de Verán
Dotbeat!, S.C.	Contrato privado de representación artística para o desenvolvemento da actuación de " Herdeiros da Crus", no Festival Millarock, o 4/8/2017

### CONVENIOS DE COLABORACIÓN

ENTIDADES PARTICIPANTES	OBJECTO DO CONVENIO
Concello de Ames e AGADIC	Convenio de Adhesión Rede Galega de Teatros e Auditorios 2017 (1º semestre)

Concello de Ames e IES Milladoiro	Convenio de colaboración para utilización de instalacións destinadas ao desenvolvemento de actividades deportivas municipais curso 2016-2017
Concello de Ames e Universidade de A Coruña	Convenio para realización de prácticas académicas externas curriculares dos estudantes da facultade de humanidades e documentación
Concello de Ames e Federación de Asoc. Do rural	Acordo colaboración para a repartición no rural do importe recadado en concepto de regularización catastral
Concello de Ames e CIFP Compostela	Convenio específico para o desenvolvemento da formación en centros de traballo
Concello de Ames e CPR Santa Apolonia	Convenio específico para o desenvolvemento da formación en centros de traballo
Concello de Ames e Fegamp, Endesa, Gas Natural Fenosa, Iberdrola, Viesgo Energía	Protocolo de adhesión a Convenio entre FEGAMP e empresas subministradoras de enerxía para a protección das persoas e familias en situación de vulnerabilidade ou urxencia social na C.A. De Galicia a través da coordinación de Servizos Sociais municipais
Concello de Ames e FEUGA	Convenio de colaboración empresarial (Becas FEUGA)
Concello de Ames e Banco Sabadell	Convenio Regulador da Recadación de Ingresos a través de entidades colaboradoras

#### 4.- PROGRAMACIÓN PARA O SEGUNDO SEMESTRE 2017.

Reprodúcese a continuación a relación dos expedientes de contratación cuxo inicio se prevé que se produza dentro do segundo semestre do ano 2017.

CONTRATOS DE SERVICIOS	
Voz e datos	xullo
Escolas culturais	xullo
Mantemento Rede Semafórica	agosto
Control de tempo de presenza	agosto
Mantemento de Ascensores	setembro
Seguridade (Incendios e Intrusión)	outubro
Control de Pragas e Ixionela	outubro
Servizo de asistencia xurídica e letrada en xuízo	decembro
Servizos Control facturación de subministros eléctricos	decembro
Cementerio (mantemento) <sup>(1)</sup>	<sup>(1)</sup> Inicialmente optárase por un contrato menor de servizos, co obxectivo de comprobar a posta en marcha, necesidades e funcionamento do servizo.
Cateríng Escola de Verán <sup>(2)</sup>	<sup>(2)</sup> Optase pola celebración dun contrato menor ata o remate do contrato do Servizo de Escola de Verán no ano 2018 no que será incluído dentro da súa prestación o servizo de cateríng

Contrato de servizos enerxéticos <sup>(3)</sup>	(3) Optase por proceder cambiar as luminarias nos núcleos de Milladoiro e Bertamiráns así como a solventar as posibles anomalías existentes para posteriormente proceder licitación do seu mantemento, previsiblemente non antes do 2018
---	--

### CONTRATOS ADMINISTRATIVOS DE CARÁCTER ESPECIAL

Cemiterio (concesións dereitos funerarios)	agosto
Xestión cafetería Casa da Cultura de Bertamiráns	setembro

### CONTRATOS DE SUBMINISTROS

Furgón comedores escolares	agosto
Subministro material papelería	outubro
Subministro de gas	decembro
Subministro alimentos comedores escolares	decembro

### CONTRATOS DE OBRAS

#### PAS ADICIONAL 2015

OBRA	ESTADO
Accesibilidade universal en edificios públicos 2ª fase	Pendente aprobación definitiva do plan pola Deputación Provincial PAS ADICIONAL 2015
Instalación dun novo pavimento deportivo no pavillón polideportivo de Bertamiráns	Pendente aprobación definitiva do plan pola Deputación Provincial PAS ADICIONAL2015

#### POS ADICIONAL 1/2016

OBRA	ESTADO
Camiño de Pousada á Capela de San Xoanciño e outro	Pendente aprobación e autorizar contratación pola Deputación

#### PAI ADICIONAL 1/2016

OBRA	ESTADO
Ampliación abastecemento de auga en Guimaráns e Quistiláns (Bugallido)	Pendente aprobación e autorizar contratación pola Deputación

#### POS + 2017

OBRA	ESTADO
Proxecto de construción e urbanización da beirarrúa oeste da travesía do Porto e acceso ó parque público e ó IES Treito rúa do Buxo-aparcadoiro do centro de saúde. Milladoiro	Notificación da aprobación definitiva do POS + 2017 o 07/07/2017. Pte. aprobar expediente licitación
Mellora de eficiencia enerxética de iluminación	Notificación da aprobación definitiva do POS + 2017

pública no Milladoiro	o 07/07/2017. Pendente de concesión de permiso por parte de patrimonio cultural da Xunta de Galicia e inicio do expediente de licitación
Pavimentación de viais no núcleo de Caroubáns (Covas)	Notificación da aprobación definitiva do POS + 2017 o 07/07/2017. Pte. aprobar expediente licitación

<b>POS + 2017 COMPLEMENTARIO</b>	
<b>OBRA</b>	<b>ESTADO</b>
Camiño principal en Sandar (Agrón)	Pendente executar POS + 2017 principal
Instalación dun novo pavimento deportivo no pavillón polideportivo do Milladoiro	Pendente executar POS + 2017 principal
Accesibilidade universal rúa Agro do Medio en O Milladoiro	Pendente executar POS + 2017 principal
Pavimentación de viais no núcleo de Outeiro (Bugallido)	Pendente executar POS + 2017 principal

<b>OBRAS CONCELLO FONDOS PROPIOS</b>	
<b>OBRA</b>	<b>ESTADO</b>
Ximnasio e Pista Squash cuberta no pavillón de Bertamiráns	En fase de licitación. Enviado anuncio ao BOP
Camiño Oca a Igrexa-Ames	Publicada a licitación. En fase de presentación de propostas
Pavimentación rúa enterríos	Pendente de iniciar licitación
Sala Usos Múltiples colexio Barouta	Solicitadas ofertas
Camiño Miso-Lens	Adxudicada. Pte. execución
Repavimentación Pistas deportivas As Mimosas (Biduído) e Agro do Muiño (Ortoño)	Pendente solicitar ofertas

<b>OBRA CONVENIO DIPUTACIÓN</b>	
<b>OBRA</b>	<b>ESTADO</b>
Ampliación Pavillón Municipal de deportes de Milladoiro	En fase valoración propostas

<b>PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS 2017-2018</b>	
<b>OBRA</b>	<b>ESTADO</b>
Camiño en Quintáns (Ameixenda) e outros	Pendente de iniciar licitación

<b>FONDOS AGADER</b>	
<b>OBRA</b>	<b>ESTADO</b>
Rehabilitación de escola unitaria para novo uso (fogar de tránsito)	Pendente comunicación de inicio por parte do organismo subvencionador

Non entanto, sendo esta a previsión de programación, a mesma pode experimentar variacións en base ás necesidades e prioridades de cada momento.

## **5. DIFUSIÓN DO PLAN.**

De acordo co previsto no Plan de Axuste, o presente Plan, así como o seguimento da súa execución, serán obxecto de publicación na páxina web do Concello.

Ames, 13 de xullo de 2017

O alcalde

José M. Miñones Conde